

PROBLEMAS DE ESTUDO

Hoxe en día existe unha diferenza entre os estudantes de sexo masculino e os de sexo feminino, sen ir moi lonxe xa se ve no I.E.S de Melide.

Na maioría das clases existen máis aprobados femininos que masculinos, pero tampouco estamos a dicir que todos os rapaces saquen malas notas, claro que hai algúns que estudan e quitan tan boas notas (ou mellores) que unha rapaza... pero... para que mentir... na maioría dos casos os rapaces quitan notas máis baixas.

¿Isto a que se debe? Nós pensamos que pode ser para manter a súa imaxe de rebeldes, pero non entendemos por que queren manter esa imaxe cando se están a xogar o seu futuro, e o peor é que a eles de intelixencia non é precisamente que teñan carencia.

Do que fagamos agora, da decisión que tomemos será o que nos leve á nosa vida futura e se agora nos dá por non estudar e non sacamos o graduado ou o bacharelato ¿que vai ser da nosa vida? ¿como imos conseguir un traballo que estea dentro das nosas posibilidades? Pois estudando... xa sabemos que é abafante estar a estudar unha tarde de calor no mes de xuño... pero é mellor iso que estudar todo o verán para recuperar en setembro.

Tamén ás veces é culpa nosa e dos nosos compañeiros que comezamos a dicir cousas como: "ese profesor pon uns exames difícilísimos" ou "ese catéanos, seguro que nos ten manía".

Con isto o único que

facemos é estresarnos e xa pasamos de estudar. Iso é o peor que podemos facer, se estudas para un exame seguro que aprobas... home, tamén está a posibilidade de que teñas un mal día, pero non todos os días son malos, así que polo de agora ninguén ten escusa.

Ademais poñédevos a pensar que se aprobamos todo en xuño, na casa os nosos pais poñeranse contentos (podedes pedir unha compensación) que vos deixen saír ata máis tarde, ir a algunha excursión, unha paga extra ou simplemente quedádevos coa satisfacción que produce mirar as notas e non ver ningún catro por alí... que tes todo o verán para pasalo ben e aparcas os libros durante unha temporadiña.

Despois de dicirvos todo isto ¿non vos entran ganas de estudar? Pois xa non sabemos que máis dicirvos, xa non somos nenos pequenos de primaria, que somos todos alumnos de secundaria e bacharelato, e xa somos todos o bastante grandíños para darnos conta de todo o que temos en xogo.

Terminamos isto dicindo que non nos dirixiamos só aos rapaces, ¿para que mentir?, as rapazas non somos tampouco perfectas e suspendemos tamén, pero os homes tédesvos que poñer algo máis as pilas porque estades algo desleixados no tema dos estudos.

CRISTINA SUÁREZ E
NATALIA VÁZQUEZ

EXCURSIÓN A ARZÚA

Nesta excursión a Arzúa fomos ver varios xuízos de faltas e dous civís. Antes dos xuízos entramos no xulgado onde estaban o xuíz, as testemuñas, os avogados, fiscais e nós, ademais doutras persoas.

Cando subiamos para ver os xuízos, sentamos todos, pero tivemos que esperar un pouco e mentres o xuíz estívonos explicando un pouco de que ían os xuízos.

A continuación seguiron cos xuízos. Os tres primeiros foron os de faltas, dous tiveron a mesma persoa como acusado, o outro foi dunha nai á que non lle pasaban a pensión polo seu fillo e veu defender os seus dereitos. Os outros dous foron de accidentes de coche, por ter que pagar os danos.

Ao final deixáronnos sacar unha foto a todos xuntos onda as cadeiras dos avogados e dos xuíces.

Ao saír de alí, como aínda quedaba un anaco para que viñese o autobús, os profesores deixáronnos ir dar unha volta. Despois fomos para o autobús e de volta para o instituto de Melide; e aínda nos deu tempo de ir dar unha volta por alí. Cando soou o timbre do remate das clases, cada un foi para a súa casa.

MÓNICA CARDELLE ROUCO, B1C

